



Saúde Mental

## III ENCONTRO FOTOGRÁFICO DOA SAÚDE MENTAL “CHARCOS E REFLEXOS” (2023).

### BASES.

- Aspectos xerais:** III Encontro Fotográfico organizado pola Asociación DOA Saúde Mental dentro da estratexia de visibilización da entidade, normalización do colectivo o cal representa e atende; familiares e persoas con dificultades de Saúde Mental e, a promoción da participación social e comunitaria.

O encontro pretende fomentar a creatividade a través da práctica da fotografía.

- Temática: “Charcos e Reflexos”:** O poder e o retrato da agua e da luz. Percepcións, configuracións... líquidos en diferentes cantidades, luminosidade segundo o momento do día...
- Participantes e número de obras:** Maiores de 18 anos cun número máximo de tres fotografías por persoa.
- Presentación das obras, identificación e envío:** As fotos poderán ser realizadas con móvil, tablet, cámara fotográfica... pero deberán presentarse en formato dixital jpg ou png. Poderán ser en cor ou en branco e negro. Poderán usarse os utensilios e accesorios que se consideren convenientes para o retrato da situación. Poderán realizarse retoques, modificacións ou montaxes fotográficas con programas de edición.

Serán enviadas ao correo electrónico [eventos@asodoa.org](mailto:eventos@asodoa.org) en arquivos adxuntos de xeito individual (un arquivo por fotografía).

O nome do arquivo adxunto será o do título da fotografía, mentres que no texto da mensaxe especificaranse os datos do participante que deberán incluír: nome e apelidos; dirección postal (domicilio, código postal, poboación, provincia); dirección de correo electrónico e teléfono de contacto.

Todas as obras presentadas deberán ser orixinais, inéditas e non premiadas con anterioridade en ningún concurso.



Saúde Mental

5. **Prazo de recepción das obras:** Dende a publicación destas bases ata o venres 1 de decembro de 2023.
6. **Selección de obras e votación:** Estímase facer una exposición física de máis de medio cento de fotografías participantes no encontro na que cada persoa visitante poderá votar as que máis lle gusten.

O Equipo Técnico de DOA Saúde Mental fará a selección das fotografías para realizar a exposición/votación final se a participación é moi alta, algunha foto presentada non presentase una resolución mínima ou se alonxase da temática do encontró.

Nas redes sociais informaremos previamente cando se realizará a exposición, canto durará e a maneira de votar/puntuar.

#### 7. Premios:

- **1º Premio:** Foto impresa e enmarcada + figura de artesanía DOA realizada nos nosos obradoiros.
- **2º Premio:** Foto impresa e enmarcada + detalle realizado nos nosos obradoiros.
- **3º Premio:** Foto impresa e enmarcada.

Nunca recaerán dous premios no mesmo participante.

#### 8. Outros:

- As obras pasarán a ser propiedade de DOA, cedéndolle a persona autora a propiedade intelectual da mesma.
- Os autores responsabilizaranse da autoría e orixinalidade das obras presentadas así como de que non existan dereitos de terceiros sobre as mesmas e de calquera reclamación que por dereitos de imaxe puidera formularse.
- O feito de participar implica a aceptación íntegra das presentes bases.
- En todo aquilo non previsto nestas bases, a Asociación DOA Saúde Mental resolverá o que proceda.



Saúde Mental

9. Información: A través do teléfono 986483208 ou do enderezo electrónico [eventos@asodoa.org](mailto:eventos@asodoa.org)